

ACTA DA SESIÓN DE CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACION E DE ELECCION DE ALCALDE/ALCALDESA DO CONCELLO DE MUGARDOS REALIZADA O DÍA 16 DE XUÑO DE 2007 COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIÓNS LOCAIS CELEBRADAS O DIA 27 DE MAIO DE 2007.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as doce horas e dous minutos do día dezaseis de xuño do ano dous mil sete, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnen, en sesión pública e para dar cumprimento aos artigos 195 e 196 da L.O.R.E.X., os Sres./as. Concelleiros/as electos/as nas Eleccións Locais celebradas o día 27 de maio de 2007, que son os seguintes:

D. Xosé Fernández Barcia, Dna. Carolina Cruz Fernández, D. Xosé Antonio Bouza Rey, D. Moisés Rivadulla Fernández, Dna. M^a. Anxos Díaz Prados, D. Juan Antonio Fernández Ameneiro, D. Ignacio Fernández Fernández, Dna. María África Pérez Filgueiras, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, D. Emilio Varela Deibe, Dna. Begoña María Gómez Díaz, D. Manuel Eugenio Fariña Doval e Dna. María del Pilar Díaz Otero.

Actúa como Secretario o que o é da Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias, quen fai constar que foron cumprimentados por todos os/as Concelleiros/as electos/as os requisitos que preceptúan os artigos 7º do R.O.F. e 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

FORMACIÓN DA MESA DE IDADE

Tras a lectura polo secretario da corporación do artigo 195 da L.O.R.E.X., procédese á formación da mesa de idade, que queda integrada polo Concelleiro electo de maior idade entre os asistentes, D. Emilio Varela Deibe, que pasa a presidila, e polo de menor idade, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, actuando como Secretario o que o é da Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Unha vez constituída a mesa de idade e comprobadas as credenciais presentadas pola totalidade dos concelleiros/as electos/as con base á certificación remesada pola Xunta Electoral de Zona, así como que polos/as mesmos/as se ten dado cumprimento ao disposto no artigo 75.5 da lei 7/85, do 2 de abril, pola Presidencia da Mesa procédese, en cumprimento do disposto no artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, a tomar xuramento ou promesa do Cargo, seguindo a fórmula establecida polo R.D. 707/1979 do 5 de abril, contestando “Por Galiza e por Mugardos, prometo” os/as concelleiros/as do BNG, sres./as D. Xosé Fernández Barcia, Dna. Carolina Cruz Fernández, D. Xosé Antonio Bouza Rey, D. Moisés Rivadulla Fernández e Dna. M^a. Anxos Díaz Prados; “Sí, prometo”, os/as concelleiros/as do PsdeG-PSOE, D. Juan Antonio Fernández Ameneiro, D. Ignacio Fernández Fernández, Dna. María África Pérez Filgueiras; “Sí, xuro”, os/as concelleiros/as do PP, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, D. Emilio Varela Deibe, Dna. Begoña María Gómez Díaz, e “Sí, prometo” os/as concelleiros/as de EU-IU, Dna. María del Pilar Díaz Otero e de IpM, D. Manuel E. Fariña Doval.

Cumpridos os requisitos anteriores e comprobado así mesmo que se cumpre coa esixencia establecida polo artigo 195.4 da Lei Orgánica 5/1985 e 37.4 do R.O.F., a mesa declara constituída a Corporación.

ELECCIÓN DE ALCALDE/ALCALDESA

Seguidamente procédese, en cumprimento do disposto no artigo 196 da xa citada Lei Orgánica 5/85, á proclamación de candidatos/as para a elección de Alcalde/Alcaldesa de entre os/as Concelleiros/as que encabezan as distintas listas que obtiveron representación nas pasadas eleccións locais, resultando presentadas e proclamadas as seguintes:

<u>Nome e apelidos dos/as Candidatos/as</u>	<u>Lista ou candidatura na que están integrados</u>
XOSÉ FERNÁNDEZ BARCIA	BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)
JUAN DOMINGO DE DEUS FONTICOPA	PARTIDO POPULAR (PP)
MARIA DEL PILAR DIAZ OTERO	ESQUERDA UNIDA-IZQUIERDA UNIDA (EU-IU)

Renuncian a presentar candidatos as listas do PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL (PsdeG-PSOE) e de INDEPENDIENTES POR MUGARDOS (IPMU).

Acto seguido procédese, en votación ordinaria, á elección de alcalde/alcaldesa, e efectuada esta, obtense o seguinte resultado:

- Candidato do Bloque Nacionalista Galego (BNG), D. Xosé Fernández Barcia: cinco votos a favor (5 BNG), dos/as concelleiros/as, D. Xosé Fernández Barcia, Dna. Carolina Cruz Fernández, D. Xosé Antonio Bouza Rey, D. Moisés Rivadulla Fernández e Dna. M^a. Anxos Díaz Prados.
- Candidato do Partido Popular (PP), D. Juan Domingo de Deus Fonticoba: tres votos a favor (3 PP), dos/as concelleiros/as D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, D. Emilio Varela Deibe, Dna. Begoña María Gómez Díaz.
- Candidata de Esquerda Unida- Izquierda Unida (EU-IU), Dna. María del Pilar Díaz Otero: 1 voto a favor (1 EU-IU), da concelleira María del Pilar Díaz Otero.

Abstéñense de participar na votación para elección de alcalde/alcaldesa os/as señores/as, D. Juan Antonio Fernández Ameneiro, D. Ignacio Fernández Fernández, Dna. María África Pérez Filgueiras, do PsdeG-PSOE, e o sr. Manuel E. Fariña Doval (I.P.M.U.)

A Mesa, comprobado que ningún dos candidatos/as obtén maioría absoluta dos votos dos/as Concelleiros/as, proclama alcalde electo do Concello de Mugardos a D. XOSÉ FERNÁNDEZ BARCIA, candidato do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), cuxa lista obtivo maior número de votos populares nas eleccións celebradas o día 27.05.07, segundo consta na acta de proclamación de concelleiros/as remitida pola Xunta Electoral de Zona, tal como establece o artigo 196.b) da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral.

TOMA DE POSESION DO CARGO DE ALCALDE/ALCALDESA

Pola Mesa de Idade procédese a tomar xuramento ou promesa do cargo de Alcalde a D. XOSÉ FERNÁNDEZ BARCIA, quen contesta á fórmula da pregunta establecida no R.D. 707/1979, dicindo “POR GALIZA E POR MUGARDOS, PROMETO”, tomando posesión do cargo de Alcalde neste acto perante o Pleno da Corporación, pasando a ocupar a Presidencia.

O Sr. Alcalde electo pronuncia unhas palabras que deseguido se transcriben literalmente:
“Bos días a todos e todas. Señorras concelleiras, señores concelleiros, señorras e señores:

Quero comezar manifestando o meu agradecemento a todas as persoas que o pasado 27 de maio depositaron a súa confianza na candidatura presentada polo BNG, asegúrolles que non se verá defraudada, nin por min, nin polo meu equipo de goberno. As persoas que non nos apoiaron teñen o meu compromiso de que este goberno traballará en pé de igualdade para todos os mugardeses e mugardesas.

É para min unha honra e un honor, como xa o foi hai catro anos, tomar posesión como alcalde deste benquerido e fermoso pobo de Mugardos; unha honra e un honor e, por suposto, unha gran responsabilidade, dado que neste caso a decisión dos nosos veciños e veciñas foi a de non outorgarnos a maioría absoluta e obrigarnos, por tanto, a ter que consensuar os acordos necesarios, para sacar adiante os grandes proxectos de interese xeral, fundamentais para o futuro do noso concello.

Esta etapa que hoxe iniciamos, permitirá continuar o proxecto que o BNG ten para o concello de Mugardos, un proxecto ilusionante e transformador, e cuxos obxectivos para o cuatrienio 2007-2011 consistirán en conducir a bo porto as iniciativas postas en marcha na anterior lexislatura polo meu equipo de goberno, que, sen dúbida, van cambiar por completo a imaxe de Mugardos e tamén mellorar sensiblemente o benestar e calidade de vida dos nosos veciños e veciñas: vivendas sociais, piscina climatizada, locais para a mocidade, ou a recuperación do Cine Zárate para usos públicos, así como rematar de levar os servizos a todas as parroquias do concello.

Do mesmo xeito, centrarémonos na xestión de dotar a Mugardos dunha comunicación directa dende o peirao de Mugardos ata a autopista, na xestión para levar a termo, a iniciativa xa longamente agardada do parque empresarial, na dotación de espazos públicos para prazas de aparcamentos, na construción dun centro de día para persoas maiores, nunha nova biblioteca, nunha segunda escola infantil municipal, na ampliación do servizo de axuda a domicilio e a creación dunha gran zona verde para o desfrute e lecer de todos os mugardeses e mugardesas. Todas estas actuacións, e moitas outras que levaremos acabo, converteranse en sinais de identidade do Mugardos do futuro que todos e todas queremos.

Quero felicitar a todos os veciños e veciñas que o pasado día 27 de maio, deron un extraordinario exemplo de madurez democrática e estou completamente seguro, que exerceron o seu dereito de voto con bo xuízo e, por suposto, sabiamente.

Este é un día de alegría para min e para os meus compañeiros e compañeiras, e quero manifestarlles o meu agradecemento polo seu apoio e pola súa confianza. Tamén quero agradecer dun xeito moi especial a miña compañeira polo seu sacrificio, polos seus sabios consellos e, sobre todo, polo seu apoio moral durante a longa noite de pedra da planfetada esperpéntica, coa que se pretendía socavar a imaxe e a honestidade do BNG e a miña propia, co obxectivo ou na crenza de que así poderían obter máis votos e máis representación neste concello pleno.

A única valoración que vou facer nestes momentos é que as eleccións demostraron que a única fórmula válida para obter a confianza do pobo é a humildade e o traballo. De corazón agardo que esas persoas sexan capaces de aprender dos seus propios erros, e como bo demócrata e bo mugardés, téndolles a miña man, se están dispostas a traballar, para levar a cabo o mandato que os cidadáns e cidadás nos fixeron a todos e todas, e colaborar todos xuntos, a prol do futuro de Mugardos. E tamén dicirllas a todos e a todas que a porta do meu despacho estará sempre aberta para todos e todas os que queiran un Mugardos mellor.

Como non podería ser doutro xeito, debo felicitar sinceramente a todos os concelleiros e concelleiras pola súa elección, aos do meu grupo de goberno e aos dos grupos da oposición.

Quero dicir a todos os presentes que é unha tarefa igualmente honrosa a de xestionar a administración deste concello, como aquela de controlar a xestión do mesmo, sobre todo cando dito control se fai desde o respecto e a crítica construtiva.

As bases sobre os que se construíu o noso programa, que hai escasos días era electoral e que agora o é xa de goberno e que van definir a nosa xestión no posible, son de todos e todas coñecidas. Estamos convencidos que debemos seguir dinamizando a vida económica do municipio, que debemos seguir creando riqueza e emprego para dar máis e mellor calidade de vida aos nosos veciños e veciñas.

Estamos seguros de que niso coincidimos cos grupos da oposición, e pensamos tamén que o apoio que desde o concello poidamos prestar, debe ir encamiñado a favor daquelas empresas que contraten de forma digna aos colectivos máis desfavorecidos; refírome aos mozos e mozas, as mulleres, aos discapacitados e discapacitadas e aos parados de longa duración.

Creo que debemos continuar incrementando o gasto social, para dar máis e mellores servizos aos nosos maiores, que o teñen máis que merecido, e xunto a ese gasto social e sen ter que pensar por iso necesariamente nun posible incremento da presión fiscal, si cremos que debe buscarse que os ingresos municipais teñan carácter redistributivo, de forma que se pague en función da capacidade económica e se reciba en función das necesidades.

Moitas máis son as ofertas electorais e de goberno que propoñemos.

O noso programa está aí para quen queira coñecelo, e sobre ese programa estamos dispostos a dialogar con todas e todos.

Por iso quero dende aquí, unha vez máis, tender a man aos grupos da oposición e asegurarlles que o diálogo, aínda que sexa desde a discrepancia, será sempre o que presida o noso talante. Estamos dispostos a chegar a acordos, en todos aqueles proxectos que beneficien aos nosos veciños e veciñas e agardo con ilusión encontrar ese mesmo talante en todos os grupos da oposición.

En democracia os demócratas non deben perpetuarse no poder ou nos cargos, dúas lexislaturas creo que poden ser suficientes para deixar un bo traballo feito.

Toda a miña vida fixen profesión de amor á terra na que nacín. Foi Galiza obxecto e ilusión da miña vida, a ela dediquei as miñas forzas, por ela loitei e sufrín tamén. Desde o máis fondo do meu corazón deséxolle para o futuro días de prosperidade e ventura.

Remato xa reiterando o meu desexo a toda a corporación municipal para que o traballo que desenvolvamos nesta lexislatura sexa o máis frutífero posíbel para Mugardos.

Moitas grazas a todos e todas.

Levántase a sesión”.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e vinte e dous minutos do día ao comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e prace
O ALCALDE